BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
SÁBADO, 5 DE NOVEMBRO DE 2022 N.º 253
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## SOBER

*Anuncio*

**Aprobación definitiva modificación das Bases de execución e do Anexo de Subvencións do Orzamento xeral municipal do Concello de Sober para ano 2022.**

En sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022 aprobou inicialmente a modificación do Anexo de subvencións e mais a Bases de execución do Orzamento no tocante a subvencións (Base 35ª).

O dito acordo foi exposto ao público por termo de quince días laborais, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo non se presentaron alegacións contra o dito acordo, en consecuencia en ampliación do disposto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o dito acordo quedou aprobado definitivamente.

Os efectos do disposto no dito art. 169, procédese a súa publicación:

**"PRIMEIRO**.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións e a base 35 das Bases de Execución do Orzamento segundo se indica a seguir:

**ANEXO DE SUBVENCIÓNS**

**SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS 2022**

| **ANEXO SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS - 2022** | | |
|---|---|---|
| **CONCEPTO** | **APLICACIÓNS** | **IMPORTE EUROS** |
| ANPA CEIP Colexio Virxe do Carme | 323.489 | 500,00 € |
| Asociación SEMENTE MONFORTE | 334.489 | 2.000,00 € |
| Asociación de Veciños de Cadeiras | 338.489 | 1.800,00 € |
| Club Deportivo Río Sil | 341.489 | 3.200,00 € |
| Club C.D. Sober | 341.489 | 3.200,00 € |
| Asociación de Viticultores Escorrecubas | 414.489 | 2.000,00 € |
| **TOTAL** | | **12.700,00 €** |

**UBVENCIÓNS DE CONCURRENCIA COMPETITIVA E NON COMPETITIVA 2022**

| **CONCEPTO** | **APLICACIÓNS** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| Axudas para adquisición de libros e material escolar para estudantes de educación infantil, primaria, secundaria e ciclos de FP, BAC e Universitarios | 326.489 | 12.000,00 € |
| Festas parroquiais | 338.489 | 8.500,00 € |
| Asociacións culturais | 338.489 | 6.000,00 € |

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

| | |
|---|---|
| **TOTAL** | **26.500,00 €** |

**BASES DE EXECUCIÓN**

**BASE 35. Procedemento para a concesión de subvencións**

1.- Obxecto.-

Enténdese por subvención toda disposición monetaria realizada polo Concello de Sober, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que a entrega se realice sin contraprestación directa dos beneficiarios.
2. Que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concurrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as abrigas materiais e formais que se estableceran.
3. Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2.- Subvencións nominativas.

| **ANEXO SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS - 2022** | | |
|---|---|---|
| **CONCEPTO** | **APLICACIÓNS** | **IMPORTE EUROS** |
| ANPA CEIP Colexio Virxe do Carme | 323.489 | 500,00 € |
| Asociación SEMENTE MONFORTE | 334.489 | 2.000,00 € |
| Asociación de Veciños de Cadeiras | 338.489 | 1.800,00 € |
| Club Deportivo Río Sil | 341.489 | 3.200,00 € |
| Club C.D. Sober | 341.489 | 3.200,00 € |
| Asociación de Viticultores Escorrecubas | 414.489 | 2.000,00 € |
| **TOTAL** | | **12.700,00 €** |

As subvencións nominativas, formalizaranse logo de convenio coa entidade beneficiaria nos que, obrigatoriamente, se establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na LGS.

Os convenios conterán como mínimo os seguintes extremos:

- Definición do obxecto da subvención.
- Réxime xurídico aplicable
- Beneficiarios e modalidades de axuda.
- Procedemento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras.

En todo caso, unha vez asinados os correspondentes convenios, outorgarase un prazo de 10 días para a presentación da seguinte documentación:

1. A declaración responsable de non estar incursos en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da LGS.
2. A acreditación de que se encontran ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, sendo suficiente unha declaración responsable nas subvencións nas que o importe a outorgar a cada beneficiario non supere os 3.000 euros.

3.- Obriga de xustificar.

As asociacións ou entidades perceptoras destas subvencións con cargo ao Orzamento Municipal, deberán xustificar, en todo caso, e, se é preciso, por requirimento dos servizos técnicos competentes, a aplicación dos fondos percibidos ante a concellaría que tramitase a concesión, no prazo máximo que se sinale na base ou a

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

convocatoria. En defecto de prazo expreso, este non excederá de tres meses, contados dende a data inicialmente prevista para a realización do proxecto ou actividade que se subvenciona.

De non se finalizar o proxecto ou actividade na data sinalada, deberá solicitarse de forma escrita, polo beneficiario, a ampliación do prazo de xustificación, con indicación da data final deste.

Obrigatoriamente, o beneficiario da subvención deberá colocar na publicidade e anuncios da actividade subvencionada o slogan" ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLO CONCELLO DE SOBER", e colocar o escudo do Concello.
A xustificación deberá realizarse mediante documentos de valor probatorio admitidos en dereito. Con carácter xeral serán facturas. No caso de emisión de facturas a nome do Concello, terá que cumprir os requisitos sinalados no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En todo caso, ademais deberán acompañarse documentos xustificativos segundo a normativa legal, polo importe da subvención concedida.

Admitiranse así mesmo recibos emitidos por persoas físicas co límite de 400,00 € por persoa e subvención.

4.- Competencia.

Facúltase ao Alcalde-Presidente da Corporación, sen prexuízo das delegacións que este outorgue, para autorizar e dispoñer gastos así como para recoñecer obrigas correspondentes a subvencións, donativos, achegas, axudas ou auxilios, conforme aos créditos que figuren nominativamente consignados a tal fin no Presuposto.

Facúltase á Alcaldía a aprobación dos respectivos convenios.

Os devanditos créditos orzamentarios son de mera previsión, non nacendo a obriga do seu pagamento ata o momento en que se resolva o seu outorgamento ou concesión e conforme ás condicións determinadas na respectiva resolución.

5.- Normativa aplicable.

A aplicación das precedentes apartados en materia de subvencións realizásense respectando a Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento Xeral.

En caso de prórroga orzamentaria, corresponderalle ao Pleno da Corporación determinar o importe das subvencións, sen poder considerarse prorrogado estas, sen o correspondente acordo plenario, que ratifique o importe destas.

6.-Subvencións por concorrencia competitiva e non competitiva:

| CONCEPTO | APLICACIÓNS | IMPORTE |
|---|---|---|
| Axudas para adquisición de libros e material escolar para estudantes de educación infantil, primaria, secundaria e ciclos de FP, BAC e Universitarios | 326.489 | 12.000,00 € |
| Festas parroquiais | 338.489 | 8.500,00 € |
| Asociacións culturais | 338.489 | 6.000,00 € |
| | **TOTAL** | **26.500,00 €** |

7.-Procedemento para a concesión de subvencións por concorrencia competitiva.

As subvencións por concorrencia competitiva incluídas nas presentes Bases de Execución para o ano 2022 tramitaranse a través do seguinte procedemento:

Primeiro. Convocatoria da subvención mediante Resolución da Alcaldía, con publicidade nas páxina web do Concello, Taboleiro de Anuncios do Concello e outros medios que se consideren idóneos.

Segundo. A Resolución da Alcaldía de Convocatoria incluirá a aprobación das correspondentes Bases Reguladoras dos correspondentes concursos e procedementos para solicitar as corrrespondentes bolsas.

8.- Normativa aplicable.

A aplicación das precedentes apartados en materia de subvencións realizásense respectando a Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento Xeral.

En caso de prórroga orzamentaria, corresponderalle ao Pleno da Corporación determinar o importe das subvencións, sen poder considerarse prorrogado estas, sen o correspondente acordo plenario, que ratifique o importe destas.

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

9.- De conformidade co artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establécense as seguintes bases reguladoras de subvencións:

***BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME, ESTUDANTES DE SECUNDARIA E CICLOS DE FP, BAC E UNIVERSITARIOS DO CONCELLO DE SOBER***

***1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS***

*O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os de Educación Infantil e Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme do Concello de Sober e para alumnos de educación secundaria, ciclos de FP, Alumnos BAC e Universitarios en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

***2.- BENEFICIARIAS/OS***

*As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais, titores/as ou persoa encargada da garda e custodia das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:*

*1. Que a persoa solicitante así como os/as menores befeneficarios/as da mesma, se encontren empadroados e residan efectivamente no Concello de Sober.*

*2. Ter fillas/os cursando estudios de educación infantil ( 3 a 5 anos), educación primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2022-2023*

*3. Estar cursando estudios de secundaria, ciclos de FP, BAC ou universitarios no curso 2022-2023.*

*4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social*

*5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Sober.*

*6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Sober:*

*a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar ou de estudo, para o curso 2022/2023.*

*b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras*

*c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións*

*d. Comunicar ao Concello de Sober calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda*

***3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS***

- *As axudas serán como máximo de 100 euros por cada fillo que estea cursando estudios de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos ou primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2022/2023.*
- *As axudas serán como máximo de 125 euros por alumno que estea cursando estudios de secundaria, ciclos de FP ou BAC no curso académico 2022/2023.*
- *As axudas serán como máximo de 250 euros por alumno que estea cursando estudios universitarios no curso académico 2022/2023.*

*Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.489 do orzamento municipal para o 2022 ata un total de 12.000 euros.*

*Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.*

***4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA***

*4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o* ***15 de novembro de 2022.***

*4.2. LUGAR: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober* ***( concellodesober.sedelectronica.gal).***

*4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:*

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

*As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada ou, no seu caso polo pai/nai/titor legal. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.*

*Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:*

*1) Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante*

*2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso, para as subvencións para libros e material escolar.*

*3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo ou no caso de estudantes de secundaria, ciclos de FP, BAC, ou universitarios de pagamento da matrícula*

*4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.*

*5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.*

*6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.*

*7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar ou de estudos correspondente ao curso escolar 2022/2023.*

*8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.*

***5.- PUBLICIDADE***

*A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.*

***6.- PROCEDEMENTO***

*O órgano competente para a concesión das axudas será a Alcaldía, previo informe da Intervención municipal.*

*O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2022, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.*

*A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.*

***7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO***

*O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento ou empresa subministrador/provedor do material ou dos servizos.*

*O **prazo máximo de xustificación será ate o 15 de decembro de 2022**.*

*Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe das Traballadoras Sociais do Concello.*

***8. INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS:***

*De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:*

*a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.*

*b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.*

*c) Incumprimento da obrigación de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.*

*d) Incumprimento da obrigación de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.*

*e) Resistencia, excusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas en los artículos 11 y 12 da Lei 9/2007.*

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

*f) Incumprimento das obrigacións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios,así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, executase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención*

*g) Incumprimento das obrigacións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.*

*h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.*

*i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.*

***9 . DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.***

*Para todas as cuestións non previstas nas presentes bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.*

***10. DISPOSICIÓN FINAL.***

*As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentaria previsto para este finalidade na aplicación 326.489*

*No caso de que a contía das achegas solicitadas supere o importe do antedito crédito orzamentario, ordenaranse as solicitudes presentadas por estrito orde de presentación da solicitude.”*

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

***ANEXO I – MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONCELLO DE SOBER***

| ***DATOS DA SOLICITANTE*** | | | |
|---|---|---|---|
| *NOME E APELIDOS* | | | |
| *NIF* | | *TELÉFONO* | |
| *DIRECCIÓN* | | | |
| *LOCALIDADE* | | *CODIGO POSTAL* | |

| ***DATOS DO REPRESENTANTE (menores de edad)*** | | | |
|---|---|---|---|
| *NOME E APELIDOS* | | | |
| *NIF* | | *TELÉFONO* | |
| *RELACIÓN COA SOLICITANTE (nai, pai, titor legal)* | | | |
| *CORREO ELECTRONICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN* | | | |

| ***DATOS BANCARIOS*** | |
|---|---|
| *ENTIDADE BANCARIA* | |
| *Nº DE CONTA* | |

***SUBVENCIÓN SOLICITADA (marcar cun X)***

| | |
|---|---|
| | *Axuda para libros e material escolar infantil ou primaria* |
| | *Axuda para libros e material escolar secundaria, ciclos FP e BAC* |
| | *Axuda para libros e material universitario* |

***DOCUMENTACIÓN ACHEGADA (marcar cun X)***

| | |
|---|---|
| | *1) Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante* |
| | *2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso, para as subvencións para libros e material escolar.* |
| | *3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo ou no caso de estudantes de secundaria, ciclos FP, BAC ou universitarios de pagamento da matrícula* |
| | *4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.* |

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

| | |
|---|---|
| | *5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.* |
| | *6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención (recibo ou certificado de conta)* |
| | *7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar ou xustificante de pagamento da matrículos no caso de estudos superiores universitarios, BAC e formación superior correspondente ao curso escolar 2022/2023.* |
| | *8) Calquera outro documento que se considere de interese* |

*A persoa asinante **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:***

*1.Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que non estou incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvención previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.*

*2.Que me atopo ao corrente en obrígalas co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. Así como co Concello de Sober. E que autoriza ao órgano instrutor da subvención para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.*

*3.Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Sober poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, correspóndense cos fins para os que se solicita.*

*4.Que percibiu as seguintes subvencións para a mesma finalidade:*

| *Denominación* | *Entidade concedente* | *Importe* |
|---|---|---|
| | | |
| | | |

*5.Que todos os datos achegados na presente solicitude son certos.*

| | |
|---|---|
| *LUGAR E DATA* | |
| *SINATURA* | |

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

**SEGUNDO**. Expoñer ao público a modificación do anexo de subvencións e das bases de execución do orzamento, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polas persoas interesadas.

**TERCEIRO**. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**CUARTO**. Remitir copia á Administración do Estado, así como, ao órgano competente da Xunta de Galicia."

Sober, 3 de novembro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3177

---

*Anuncio*

**Convocatoria Subvencións para libros e material escolar**.

Con data do 2 de novembro de 2022, o Concello de Sober, aprobou as bases que rexerán o programa de subvencións para ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME, ESTUDANTES DE SECUNDARIA E CICLOS DE FP, BAC E UNIVERSITARIOS DO CONCELLO DE SOBERa para o ano 2022 que teñen o contido que se indica a seguir:

***"BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME, ESTUDANTES DE SECUNDARIA E CICLOS DE FP, BAC E UNIVERSITARIOS DO CONCELLO DE SOBER***

***1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS***

*O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os de Educación Infantil e Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme do Concello de Sober e para alumnos de educación secundaria, ciclos de FP, Alumnos BAC e Universitarios en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

***2.- BENEFICIARIAS/OS***

*As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais, titores/as ou persoa encargada da garda e custodia das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:*

*1. Que a persoa solicitante así como os/as menores befeneficarios/as da mesma, se encontren empadroados e residan efectivamente no Concello de Sober.*

*2. Ter fillas/os cursando estudios de educación infantil ( 3 a 5 anos), educación primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2022-2023*

*3. Estar cursando estudios de secundaria, ciclos de FP, BAC ou universitarios no curso 2022-2023.*

*4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social*

*5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Sober.*

*6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Sober:*

*a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar ou de estudo, para o curso 2022/2023.*

*b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras*

*c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións*

*d. Comunicar ao Concello de Sober calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda*

***3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS***

- *As axudas serán como máximo de 100 euros por cada fillo que estea cursando estudios de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos ou primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2022/2023.*
- *As axudas serán como máximo de 125 euros por alumno que estea cursando estudios de secundaria, ciclos de FP ou BAC no curso académico 2022/2023.*

Anuncio publicado en: Num BOP 253 año 2022 (05/11/2022 08:00:00)

- *As axudas serán como máximo de 250 euros por alumno que estea cursando estudios universitarios no curso académico 2022/2023.*

*Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.489 do orzamento municipal para o 2022 ata un total de 12.000 euros.*

*Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.*

***4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA***

*1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o* ***15 de novembro de 2022.***

*2. LUGAR: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober* ***( concellodesober.sedelectronica.gal).***

*3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:*

